

ESTATUTOS DA “ASOCIACIÓN CÍRCULO MERCANTIL E INDUSTRIAL UNIDAD” DE (FENE-A CORUÑA)

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.- Adaptación de estatutos.

- a. Procédese a adapta-los Estatutos da Asociación denominada¹ Asociación “CIRCULO MERCANTIL E INDUSTRIAL UNIDAD” con nº de inscrición no Rexistro Central/provincial de Asociacións sen ánimo de lucro 1127 e C.I.F.-G 15040033
- b. A Asociación rexerese polos presentes Estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- Son fins principais da Asociación:

- a. Os de estreitar os lazos de amizade e unificación entre os seus socios/as por medio de relacións culturais, recreativas e deportivas, que son álveos de convivencia social.
- b. Non deberá esquecerse o apoio que merece e debe prestarse á xuventude integrada na convivencia social da Entidade, xa que é o futuro da mesma.
- c. A prestación de servizos sociais ó conxunto da comunidade.
- d. A prestación de servizos á mocidade.
- e. Promover, nos termos establecidos na lexislación vixente, a extensión do uso do galego entre a comunidade.
- f. Contribuír, mediante a realización de actividades, á dinamización cultural da comunidade.
- g. Contribuír á dinamización sociocomunitaria da parroquia.
- h. Contribuír á creación de hábitos saudables entre a comunidade mediante a organización de actividades de educación física e práctica deportiva.

¹ A denominación incluíra sempre o vocábulo “Asociación” seguido necesariamente do tipo de Asociación (recreativa, cultural, veciños, etc.), a finalidade principal e, optativamente, doutro nome co que desexa complementa-la denominación.

Artigo 3º.- Para levar a cabo os seus fins, a Asociación poderá organiza-las seguintes actividades:

- a. Fomentar a práctica de actividades deportivas, fútbol sala, balonmán, baloncesto, natación, etc
- b. Fomentar actividades recreativas, tales como organizar excursións, bailes,xogos tanto infantís coma para adultos etc.
- c. Desenvolver actividades culturais tales como Letras Galegas, concurso de poesías, exposicións, etc.
- d. Continuar no proceso de construción e adecuación tanto do local social como do demais patrimonio da Asociación.
- e. Informarse e informar sobre as disposicións oficiais.
- f. Organizar cursiños, conferencias e actividades análogas.
- g. Organizar, como Asociación e/ou en colaboración, actividades estables como escolas deportivas e culturais, obradoiros, programas de educación medioambiental.
- h. Editar e difundir publicacións periódicas ou puntuais para manter informados ós asociados.
- i. Elaborar os estudos e informes que se considere convenientes e elevalos ó concello ou ás autoridades competentes.
- j. Colaborar con outras asociacións da parroquia en tarefas de prestación de servicios sociais e dinamización sociocomunitaria.
- k. Colaborar con outras Asociacións e Federacións nas actividades e fins que nos son propios.
- l. Realizar calquera outra actividade que en beneficio dos fins esenciais desta Asociación, poida resultar de proveito para a comunidade.

Como Asociación sen ánimo de lucro destinarase ós devanditos fins polo menos o setenta por cento das rendas netas e outros ingresos que se obteñan por calquera concepto exceptuándose as achegas efectuadas en concepto de dotación patrimonial. Os socios/as e familiares serán os principais destinatarios das actividades realizadas pola Asociación.

Artigo 4º.- O domicilio principal² e permanente da Asociación radicará na localidade de FENE (A CORUÑA) rúa de SAN PAIO, nº 21 C.P. -15500, teléfono 981 342 954, apdo. de correos ----- correo electrónico -----

² No caso de utilizar un local social doutra titularidade terá que acreditarse autorización de uso correspondente e debidamente asinado.

Artigo 5º.- A Asociación, en función dos seus fins e asentamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Fene e da provincia da Coruña.

1. A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e no resto do ordenamento xurídico vixente.

CAPÍTULO II DOS SOCIOS/AS

Artigo 6º.- A Asociación estará formada por un número indefinido de persoas que coa denominación de socio/a, se reúnen en convivencia para cumprir os fins establecidos na fundación da entidade

Artigo 7º.- Dentro da Asociación poderán existir as seguintes clases de socios/as : **socio/a de Número, beneficiario/a, colaborador/a e socio/a de honra**

- a) **Socio/a de número**, tódalas persoas maiores de idade e que así o soliciten e contribúan ó desenrolo e sostemento da Asociación, cunha cota mensual regulamentaria e legalmente establecida.
- b) **Socio/a beneficiario**, os demais compoñentes da unidade familiar do socio de número, que dependan economicamente do socio,(no caso dos fillos ata a súa maioría de idade)
- c) **Socio/a colaborador**, todas aquelas persoas que, a proposta da Xunta Directiva, se consideren merecedoras de tal distinción (colaboradores das distintas seccións da sociedade).
- d) **Socio/a de honra**, aquelas persoas que, a xuízo da Xunta Directiva e polos seus méritos relevantes tanto dentro coma fóra da Asociación, se fixeran merecedores de tal distinción, sendo corroborado pola Asemblea Xeral.

Artigo 8º.- Os socios/as de número teñen os seguintes dereitos:

1. Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
2. Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
4. Aproveitarse de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
5. Ter copia destes Estatutos.

6. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
8. Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación.
9. Que se lle poña de manifesto o estado de contas, ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 9º.- Os socios/as beneficiarios.

Poderán tomar parte nas Asembleas con voz pero sen voto, agás cando o fagan en representación do socio/a de número, entón terá os mesmos dereitos do socio/a o cal representa,(o cónxuxe, poderá tamén ser elixido para cargos directivos)

Artigo 10º.- Os socios/as colaboradores e de honra.

Non intervirán na dirección da sociedade, nin nos órganos de representación da mesma, pero están facultados para asistir as Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 11º.- Son obrigas dos socios/as de número e beneficiarios:

1. Prestar cantos servicios determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
2. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.
3. Asistir ás Asembleas Xerais.
4. Satisface-las cotas que se establezan.
5. Observar unha boa conducta individual e cívica.
6. Cumpri-los acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.

Artigo 12º.- Son obrigas dos socios/as colaboradores e de honra:

1. Prestar cantos servicios determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
2. Asistir ás Asembleas Xerais.
3. Observar unha boa conducta individual e cívica.
4. Cumpri-los acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.

Artigo 13º.- Os acordos de admisión de socios/as tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través de representante a solicitude deberá ser autorizada polo representante, pai ou titor do solicitante e se acompañará unha acreditación da identidade do solicitante.

Artigo 14º.- A condición de socio/a pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago nas cotas (3 cotas)
3. Por realización de accións que danen gravemente ós intereses da Asociación.
4. Por expediente disciplinario.

Artigo 15º.- A expulsión de socios/as será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun/unha socio/a, este/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

Os socios/as que causaran baixa e desexen reingresar na mesma serán considerados coma socios de novo ingreso, e a súa admisión estará condicionada á determinación da Xunta Directiva.

Artigo 16º.- Os socios/as poderán pedir a separación temporal por escrito á Xunta Directiva, sempre e cando o traslado do domicilio do socio/a sexa superior a un ano.

A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dun socio/a cando se esté a tramitar un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago de 3 cotas, ou comportamentos que afecten á boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de réxime interno.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 17º.- A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente/a, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 18º.- O Presidente/a da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebren unha e outra.

O Presidente será designado pola Asemblea Xeral entre socios que teñan polo menos 1 ano de antigüidade e o seu mandato durará 4 anos.

Artigo 19º.- A Xunta Directiva estará formada por un Presidente/a, un Vicepresidente/a, un Secretario/a, un Tesoureiro/a e tres vocais como mínimo, cargos que deberán recaer en socios/as que leven polo menos un ano na Asociación. A metade da Xunta Directiva poderá ser renovada cada dous anos.

Artigo 20º.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas, debendo carecer de interese económico nos resultados da actividade por sí mesmos ou por persoa interposta.

Os cargos elixiranse pola Asemblea Xeral e durarán un período de 4 anos, aínda que poden ser obxecto de novas reeleccións polo mesmo período.

O cese dos cargos producirase por pasamento, renuncia voluntaria ou por transcurso do prazo para o que foron elixidos. A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cese automático, senón que deberase facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor ou ben esperar ata que a Xunta Directiva nomee temporalmente a un substituto se se trata de renuncia voluntaria. Dando conta de elo na primeira Asemblea Xeral.

Artigo 21º.- É función da Xunta Directiva programar e dirixi-las actividades asociativas, leva-la xestión administrativa e económica da Asociación e someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral, fixa-las cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designa-las Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

Artigo 22º.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente/a ou o Vicepresidente/a, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente/a e, na súa ausencia, polo Vicepresidente/a ou o Secretario/a, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña mais idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade mais un dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente/a.

O Secretario/a ou, no seu defecto, o Vicepresidente/a, levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 23º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta Directiva acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións o número de vocais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobren en subcomisións.

Artigo 24º.- As responsabilidades patrimoniais que poidan producirse o derivarse dos actos da administración ou xestión acadados po los membros da Xunta Directiva, así coma po las persoas que obren no seo nome ou representación, serán amparadas total e conxuntamente po la Sociedade. Ditas responsabilidades estarán cubertas mediante a concertación duna “póliza de responsabilidade civil” co a entidade pertinente.

Artigo 25º.- A Asemblea Xeral de socios/as é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma. O Presidente/a e o Secretario/a da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 26º.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten a terceira parte dos socios/as. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente/a, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 27º.- A Asemblea Xeral ordinaria reunirase necesariamente dentro dos catro primeiros meses de cada ano, preferentemente na primeira quincena do mes de febreiro. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación farase nos locais da Asociación e no domicilio dos asociados tanto para as Asembleas ordinarias coma as Asembleas extraordinarias.

Artigo 28º.- Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aproba-la acta da reunión anterior.
2. Aproba-lo plan de actividades.
3. Examinar e aproba-la memoria de actividades.
4. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
5. Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das cotas.

Artigo 29º.- Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Modifica-los Estatutos da Asociación.
2. Acorda-la disolución da Asociación.
3. Designa-los/as liquidadores/as.
4. Solicita-la declaración de utilidade pública da Asociación.
5. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
6. Elixi-los integrantes da Xunta Directiva.
7. Aproba-la federación con outras Asociacións.
8. Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación.
9. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
10. Autorizar a solicitude de créditos.
11. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 30º.- Para que as asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as socios/as asistentes, sempre que concorran a metade mais un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Artigo 31º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados 1 e 3 do artigo 28, que requirirán maioría de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asignara o/a Presidente, o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

Artigo 32º.- Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as socios/as, incluso ós/ás non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o Presidente. Seguidamente se procederá por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario procederá a establece-la orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate. Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederase a facer unha quenda de rogos e preguntas, concluída esta se levantará a sesión por parte do Presidente/a.

Artigo 33º.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral.

Artigo 34º.- O Presidente/a da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 17º, as seguintes atribucións:

- a. Presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- b. Propoñe-lo plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c. Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- d. Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- e. Firma-las actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co Secretario/a ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.
- f. O presidente será asistido nas súas funcións por un vicepresidente/a, que, ademais substituíralle nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade

Artigo 35º.- O Secretario/a recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente/a.

Ó Secretario/a correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto.

Artigo 36º.- O Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económica.

O tesoureiro/a ten a obriga de proceder ó peche do exercicio orzamentario antes do 31 de decembro, co fin de que as contas estén a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

Artigo 37º.- Os Vocais, no número que determine a Asemblea Xeral, terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 38º.- A Asociación no momento de inicia-las súas actividades dispón dun patrimonio de 1.006,73 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 39º.- A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador de orzamento será elaborado polo Tesoureiro da Asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poda ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 40º.- A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos/as socios/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 41º.- As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, non sendo reintegrables en caso algún e dedicándose a atende-las necesidades da Asociación.

Artigo 42º.- Anualmente, con referencia ó ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as socios/as, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 43º.- Anualmente no tempo que establece o artigo 21 será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria.

Artigo 44º.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria tres membros nomeados po la Xunta Directiva sendo necesario po lo menos a sinatura de dous deles para a retirada de fondos.

Artigo 45°.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as socios/as os recursos obtidos pola Asociación.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 46°.- O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 47°.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou $\frac{1}{4}$ dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera socio/a poida dirixir á Secretaria as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Artigo 48°.- Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos $\frac{2}{3}$ dos membros da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 49°.- A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos socios/as acordada polas $\frac{2}{3}$ partes dos mesmos/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Artigo 50°.- No caso da disolución da Asociación levantarase acta notarial de tódolos mobles e inmobles e imposicións bancarias que a entidade tivera no momento da disolución.

Artigo 51°.- No suposto que houbera un número de 10 ou mais socios/as que quixeran facerse cargo da Asociación, non se produciría a disolución, pasando a constituírse en Comisión Xestora, recibindo da Xunta Directiva toda a documentación.

Artigo 52°.- No caso que non houbera Comisión Xestora, se formalizaría mediante acta notarial, a entrega da Asociación ó Concello de Fene, que como depositario da mesma, procuraría destinala ós mesmos fins para os que se constituíu.

Artigo 53°.- Si pasado o tempo, se xuntaran as dúas terceiras partes dos antigos socios/as co fin de recobrar a Asociación, poderán establecer conversas co Concello de Fene, depositario da Asociación, e previos os tramites e normas legais chegar ó recobro e dirección da Asociación.

Dona ANTONIA PERMUY CORDERO , na súa calidade de Secretaria da Asociación Círculo Mercantil e Industrial unidad fai constar que os presentes Estatutos modificados en asemblea xeral extraordinaria celebrada o 8 de Maio do 2004, son para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
Data, firma do secretario e selo da asociación

En Fene a 2 Abril de 2004

-ANTONIA PERMUY CORDERO-
SECRETARIA